

ACORDO CONSTITUTIVO DA COMUNIDADE DE TRABALLO GALICIA-REXIÓN DO NORTE DE PORTUGAL

A Comisión de Coordinación da Rexión do Norte de Portugal e a Xunta de Galicia, representadas polos seus respectivos Presidentes.

Considerando, que a cooperación transfronteiriza é un dos medios máis eficaces para lograr o achegamento das poboacións fronteirizas, a superación das dificultades que comporta toda fronteira e o impulso ao desenvolvemento das zonas fronteirizas.

No espírito do conxunto da obra do Consello de Europa en favor da cooperación transfronteiriza territorial e, especialmente, da Convención-Marco europea sobre a cooperación transfronteiriza das autoridades e colectividade territoriais, ratificada pola República Portuguesa e polo Reino de España, así como no espírito do Tratado Bilateral de 1977 entre ambos países, proba da adhesión de ambos os dous Gobernos nacionais aos principios da cooperación transfronteiriza recoñecidos en Europa.

Tendo presentes os importantes cambios que vai supoñer, singularmente nas rexións fronteirizas, o Mercado Único Europeo, que esixirá unha cooperación máis estreita para facer fronte con éxito á nova situación e para permitir o máximo aproveitamento das oportunidades de desenvolvemento socio-económico, cultural e turístico, nun marco de crecente interdependencia e solidariedade interrexional, así como a coordinación e aproveitamento das iniciativas comunitarias en tal sentido.

Considerando, que non deben aforrarse esforzos para promover o desenvolvemento do respectivo potencial endógeno, máis sen esquecer o interese obxectivo mutuo por aproveitar nun contexto europeo e comunitario as potencialidades conxuntas de Galicia e da Rexión do Norte de Portugal e considerando, ademais, as súas históricas afinidades socio-económicas, culturais e lingüísticas, xunto coa súa condición de rexións europeas periféricas.

Recordando, en tal sentido, a importancia que unha Comunidade de Traballo pode revestir para as zonas fronteirizas na perspectiva do desenvolvemento rexional, rural e urbano, a mellora dos servizos ofrecidos ao cidadán, a modernización das infraestruturas ou a axuda mutua en caso de catástrofes, nun contexto no que resalte a dimensión humana de cooperación transfronteiriza.

Decididos, en consecuencia, a reforzar e desenvolver as súas relacións de boa veciñanza e a harmonizar criterios de acción e, a tal efecto, a dotarse dun instrumento que favoreza a continuidade, a coherencia e o incremento da cooperación transfronteiriza, coa triple finalidade de contribuír ao desenvolvemento de ambas rexións, á construción de Europa e á mellora da situación das poboacións fronteirizas, coinciden na oportunidade da creación dun organismo de animación da cooperación transfronteiriza bilateral.

ACORDAN:

ARTIGO 1

Constitúese unha Comunidade de Traballo Galicia-Rexión do Norte de Portugal, que se rexerá de acordo cos principios enunciados nos artigos seguintes.

ARTIGO 2

A Comunidade de Traballo créase coa finalidade de favorecer unha dinámica de encontros regulares entre Galicia e a Rexión do Norte de Portugal, para tratar asuntos de interese común, intercambiar informacións, coordinar iniciativas e examinar as posibilidades de solucionar os problemas comúns ou de contribuír á súa solución, por medio de acordos, de decisións coincidentes tendentes a unha solución coordinada, ou de recomendacións e propostas ás autoridades competentes.

O previsto neste Acordo constitúe un compromiso mutuo de carácter non normativo e non modifica o reparto de competencias establecido en cada territorio polos dereitos internos portugués e español.

ARTIGO 3

O Consello da Comunidade de Traballo asegura a continuidade das actividades de cooperación transfronteiriza, fixa o programa de acción da Comunidade, adopta os acordos, recomendacións e propostas da Comunidade de Traballo e pode aprobar resolucións regulamentarias fixando novas normas de funcionamento. Aproba o regulamento e as súas modificacións.

O Consello da Comunidade de Traballo está formado polas delegacións oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia e da Comisión de Coordinación da Rexión do Norte de Portugal. Cada unha delas estará integrada por un número igual de delegados, entre os cales figurarán, na medida do posible, representantes das colectividade subrexionais transfronteirizas, así como os Coordinadores das Comisións Sectoriais.

Igualmente, e coa finalidade de propiciar a coordinación de iniciativas e proxectos, quedarán integrados no Consello os representantes dos organismos que, para estreitar a cooperación transfronteiriza en asuntos da súa competencia, agrupen a entidades locais públicas do ámbito territorial da Comunidade de Traballo. A incorporación de tales representantes efectuarase mediante solicitude dirixida á Presidencia da Comunidade de Traballo, subscripta polas máximas autoridades de tódalas entidades locais partícipes do respectivo organismo. A Presidencia dará conta da solicitude á respectiva Administración rexional e invitará ás entidades locais así agrupadas para que asistan con voz pero sen voto ao primeiro Consello que se celebre, por medio de dous representantes. Nese mesmo Consello a Comunidade de Traballo

decidirá sobre a incorporación do respectivo organismo e as adaptacións orgánicas e funcionais que fosen recomendables para o bo funcionamento da propia Comunidade de Traballo.

A invitación do Presidente da Comunidade poderán participar nas sesións do consello, con estatuto de invitados oficiais ou observadores, personalidades nacionais e europeas e representantes dos organismos hispano-portugueses de cooperación transfronteiriza.

Así mesmo, os axentes socio-económicos e institucións e as Universidades e Centros de Investigación poderán participar nas sesións do Consello, segundo unha fórmula que fixará este tras a consulta con aqueles.

O Consello, así como o Comité de Coordinación, poderán obter o concurso ou asesoramento de expertos.

O Consello reunirse dúas veces ao ano, podendo facelo en sesión extraordinaria tras convocatoria do Presidente.

ARTIGO 4

O Presidente da Comunidade de Traballo, que preside o Consello, ten un mandato de dous anos.

A Presidencia será exercida alternativamente polos Presidentes de ambas as dúas Rexións membros. En caso de impedimento temporal do Presidente, substituirao durante ese período o Presidente da outra Rexión membro.

O Presidente representa á Comunidade de Traballo, prepara a orde do día do Consello tras consulta co Presidente da outra Rexión membro, efectúa a convocatoria das reunións do Consello e daquelas outras que, pola súa importancia, o requiran e autoriza coa súa firma a Acta das reunións.

ARTIGO 5

A Comunidade de Traballo poderá crear, por decisión do Consello, Comisións Sectoriais paritarias, así como, con carácter temporal e excepcional, Comisións “ad-hoc”, fixando as súas funcións.

A Comunidade de Traballo prestará especial atención ao desenvolvemento económico e ao desenvolvemento rural; ao transporte, ás comunicacións e ao turismo; á cultura, á educación e á innovación; á agricultura e á gandería; ao medio ambiente e á ordenación do territorio.

A composición de cada Comisión Sectorial quedará determinada polo acordo que a cree, se ben os dous coordinadores xerais poderán incorporar as modificacións que resulten aconsellables.

As Comisións realizarán as súas tarefas sobre a base do programa da Comunidade de Traballo e das pautas fixadas polo Comité de Coordinación.

A convocatoria e orde do día das Comisións Sectoriais será realizada polo Comité de Coordinación, de acordo, en cada caso, cos Coordinadores Sectoriais interesados.

As Comisións Sectoriais elevarán as súas propostas ao Consello, para a súa consideración e aprobación.

ARTIGO 6

Co fin de asegurar a coordinación xeral e permanente das actividades da Comunidade de Traballo, cada un dos Presidentes das Rexións membros nomeará un coordinador xeral para a cooperación prevista neste acordo.

Ambos Coordinadores Xerais, asistidos polos funcionarios, técnicos e, no seu caso, expertos que se determine en cada ocasión, presidirán conxuntamente o Comité de Coordinación da Comunidade de Traballo. Velarán pola coordinación e coherencia dos traballos das Comisións Sectoriais, polo funcionamento da Secretaría, o seguimento das accións programadas e prepararán os elementos necesarios para a elaboración dos programas de traballo, así como para a fixación de prioridades da Comunidade de Traballo.

O Comité de Coordinación reunirse por decisión do Presidente da Comunidade, ou por acordo dos dous Coordinadores Xerais e, en todo caso, polo menos, catro veces ao ano.

O Comité de Coordinación estará asistido polo Secretario da Comunidade, que será nomeado polo Presidente a proposta dos Coordinadores Xerais.

Os Coordinadores das Comisións Sectoriais poderán ser invitados a participar en sesións do Comité de Coordinación.

ARTIGO 7

A Comunidade de Traballo fomentará unha dinámica de cooperación entre os axentes económicos, así como entre as Universidades e Centros de Investigación de ambas Rexións e ofreceralles, no respecto da súa respectiva autonomía, un marco permanente de encontro e de colaboración.

A Comunidade de Traballo Galicia-Rexión do Norte de Portugal poderá conceder o seu patrocínio ou colaboración ás asociacións ou agrupacións

transfronteirizas, así como a manifestacións diversas de interese transfronteirizo, por decisión do Consello tras a correspondente solicitude formal.

ARTIGO 8

Cada delegación sufragará os gastos que xere a súa participación nas reunións e nas actividades da Comunidade de Traballo.

O presuposto da Comunidade de Traballo será aprobado polo Consello, a proposta do Presidente. As cotizacións das rexións membros serán equivalentes.

ARTIGO 9

O presente acordo poderá ser denunciado por calquera das partes contratantes, cun aviso previo de cinco meses.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

En razón da excepcional transcendencia que a implantación do Mercado Único Europeo vai supoñer para as rexións fronteirizas, créase unha Comisión “ad hoc” sobre o Mercado Único Europeo e as súas implicacións para Galicia e a Rexión do Norte de Portugal e, especialmente, para as súas zonas fronteirizas, cun mandato que concluirá por decisión do Consello cando o citado Mercado Único estea plenamente vixente.

Por razóns do necesario artellamento das accións previstas no recentemente aprobado Programa Operativo de Desenvolvemento das Rexións fronteirizas de Portugal a España (INTERREG), créase unha segunda Comisión “ad hoc”, con funcións de acompañamento articulado daquel Programa.

En O Porto, a 31 de Outubro de 1991
(Revisado o 19-05-99)

MANUEL FRAGA IRIBARNE
Presidente da Xunta de
Galicia

LUIS BRAGA DA CRUZ
Presidente da Comisión de
Coordinación da Rexión do
Norte de Portugal